

García-Bodaño
patrimonio de Santiago

Anxo Tarrío Varela

Cun axustado e memorábel prólogo de Basilio Losada, acaba de saír á luz, baixo o título de *Obra poética* e en exquisito volume da editorial Espiral Maior, unha recolleita da poesía que leva escrito até o de agora Salvador García-Bodaño.

Compostela nunca foi fértil en poetas, por rara que pareza esta afirmación. O que si podemos aseverar é que foi, e segue a ser, constante motivo de inspiración para os escritores foráneos que teñen que asentar na cidade, temporal ou definitivamente. O fenómeno desta tacañería lírica por parte dos compostelanos non é de doada explicación, pero quizais se deba a que, cando se nace no medio e medio da beleza, a beleza non se ve nin se sente como algo extraordinario senón que se incorpora ás nosas crenzas, no sentido orteguiano do termo, como algo natural. Soamente cando a ausencia da cidade natal é abondo prolongada pode xurdir a moxena poética ou a idea orteguiana que poña en marcha o delirio e o faga cristalizar en escritura.

Rosalía de Castro, compostelana de nacemento e de ricas vivencias xuvenís, sentiu por Santiago unha especie de amor-odio fixado en versos lindeiros co reproche e en declaracións epistolares abondo negativas: "Santiago no es ciudad; es un sepulcro", escribíalle ao seu home, Manuel Murguía, alá polo mes de decembro de 1861. Un amor-odio por Compostela que tivo que sublimarse na contemplación do Sar, o río emblemático da cidade, e na proxección da súa desacougada existencia, da súa hipersensibilidade romántica polo paso inexorábel do tempo, sobre os claustros, templos, cemiterios e paraxes, contemplados, non tanto polo que eran en si mesmos, como polo que gardaban da memoria dos seus seres queridos ou dos anos felices da xuventude.

Non é este o caso de Salvador García-Bodaño, poeta compostelano, por máis que de berce vigués. O noso poeta, longamente laureado e incondicionalmente comprometido coa loita pola liberdade e coa *Galicia do si, do non e do quen sabe*,

que el mesmo así definiu, sendo unha das voces máis nobres que se poidan escoitar no gran concerto lírico e civil que de sempre animou a nosa historia, é tamén un dos poucos poetas que conseguiron superar o “trauma” de ter que existir no medio e medio da beleza de Compostela.

En efecto, García-Bodaño é quen de ver o espazo privilexiado, o ámbito e a atmosfera que todo santiagués do burgo nobre leva apegados ao seu ser como unha pelica incorporada, integrada, fundida co espírito, sen solución de continuidade. El esculca na pequena vila que foi Santiago e na que medrou, pero penetra tamén na vida da cidade, na súa historia, escoita e remeda as voces que a poboaron no decorrer dos séculos, agarima os seus incitadores silencios e sente o tempo, en fin, aboiando nas pedras e en cada recanto das rúas.

Se Compostela e o seu Camiño son xa felizmente patrimonio da Humanidade, García-Bodaño, ademais, é precioso patrimonio de Compostela: *Oh, fermosa estrutura / de soños, pedra e ceo, / de pórticos de sombra, / e habitados silencios: / -tempo de eternidade / nos eidos do misterio / onde a penas máis nada / son xa que o meu esquenzo!*

El Correo Gallego,